

NO DIA DAS LETRAS GALEGAS

A. VILLAR PONTE E A LINGUA DAS ORACIÓNS

A Academia Galega dedicou este ano o «Día das Letras Galegas» (17 de maio) a Antón Villar Ponte (1881-1936). Reproducimos con esta ocasión un artigo do incansábel xornalista e político.

Nun artigo que mandei a “Céltiga” de Bós Aires falaba dun asunto do que xa teño falado nos boletíns da miña terra e que coído de fondísimo intrés inda que a algúns ceicais asin lles non pareza.

E o que refírese ó meo de espresión que adoitan usar as xentes do noso país para se dirixiren a Deus. De cantos pobos existen no mundo que teñan unha lingua natural propia —chamada dialecto ou idioma— poucos haberá si hai algun, agás Galiza, que fagan as suas oracións relixiosas nunha fala allea. Esta tan íntima, tan suxetiva, tan persoal, en ningures, fora da nosa terra, é tributaria do linguaxe estrano. Pro aquí, inda aqueles —como os paisanos da aldea— que non empregan verbas casteláns para nada da vida, á hora de rezaren fannos somentes na lingua de Castela.

E isto ¿foi asín sempre desque existen as linguas romances, desgaxadas do tronco latino? Non coñecemos rezos galegos propiamente ditos. O “Padre noso” e maillo Credo parece ser que se son rezan nunca no idioma. A mesma Salve, feita en latin por un galego, iñoramos si nalgures, nos tempos vellos, rezouse en lingua vernácula. Pesi ó culto que nela lle renderon á Virxen os poetas marianos, entre os que figura, como un dos primeiros a quen é imposible esquecer, o Rei Sabio.

Dende o século XV para acó a cousa ten doada espricación. Pro antes, non. Un país cal o noso que conta unha época cultural de ouro, a de Xelmírez; que tivo tantos cregos e bispos sabios enxebres, que posee documentos das suas catedraes ata despois de se haber descuberto o Novo Mundo, escritos en galego; que dou santos á Irexa, ¿cómo non soupo impor rezos propios, vivificándoos para “in tenum” na fala de seu, na fala orixinal?

O feito é que os galegos, inda os que nunca empregan outro idicma que o que lles dou natura nas horas do traballo, das festas, e do fogar, na cousa máis espritoalmente íntima da vida, que é a da oración relixiosa, áchanse pillados pola pouta de unha hexemonía idiomática estrana que magoa as esenciais máis puras da sua alma.

E iste é un problema serio de abondo que precisamos resolver cantos vimos preiteando rexamente polo cultivo da lingua materna. Para os crentes é asunto de verdadeira trascendencia. Un pobo que rece no seu idioma, inda que deixe de empregalo en tódalas outras cousas, da vida, poderá ir ó recobro do mesmo, de xeito máis doado que aquel que o fale a cotío en toda ocasión agás na do rezo. Da beira de aló do Miño rézase en portugués, que para o caso é decir que se reza en galego. Non hai, pois, incompatibilidade entre a nosa lingua e as oracións relixiosas.

Ora percísase divulgar estas e crear outras capaces de seren vitalizadas con indulxencias da Irexa. Percísase tamén que tódolos verdadeiros galeguistas que sexan crentes lles fagan aprender ós seus fillos, sobriños e irmáns pequenos rezos enxebres, cousa ben doada, inda que para o demáis empreguen o castelán. Porque conquerida isa suprema intimidade das almas para a lingua materna, desbotado o idioma usurpador da máis fértil leira do espírito de cada galego, o outro virá por engádega. O horto do corazón agarda a millor semente.

(“El Pueblo Gallego” — Vigo)

Antón VILLAR PONTE

(Sacado de Pensamento e Sementeira).



(1881-1936)